VII ENCONTRO DA MOCIDADE INVESTIGADORA

BASES DE PARTICIPACIÓN

O **Encontro da Mocidade Investigadora** é unha actividade de carácter aberto para calquera persoa matriculada nun programa de doutoramento das tres universidades galegas e os seus diversos campus, cuxo fin é a promoción da investigación entre a xente nova en diversos campos de coñecemento para facilitar un foro axeitado no que poidan expoñer os seus traballos.

A data do encontro terá lugar os días **27**, **28** e **29 de maio de 2019** na Facultade de Xornalismo da USC (Universidade de Santiago de Compostela).

1.- PARTICIPANTES

Poderá participar no VII Encontro de Novos Investigadores calquera persoa de calquera idade e nacionalidade matriculada nun programa de Doutoramento da USC, da UDC (Universidade da Coruña) e da Uvigo (Universidade de Vigo). A continuación, pódense consultar os programas de doutoramento pertencentes a cada Escola da USC: Escola de Doutoramento Internacional en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas; Escola de Doutoramento Internacional Campus Terra, Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias da Saúde e Escola de Doutoramento Internacional en Ciencias e Tecnoloxía. No caso de programas de doutoramento interuniversitario tamén poderán participar os alumnos matriculados nas devanditas universidades.

Só se admitirá un proxecto/resumo por persoa participante. O número de participantes é limitado e a súa selección terá lugar por orde de inscrición.

2.- INSCRICIÓN

A inscrición será gratuíta e permitirá a presentación de comunicacións en calquera das seguintes linguas: galego, castelán e inglés. Poderanse presentar resumos ben para comunicación oral, ben para póster. É posible a simple asistencia ao congreso sen participación activa no mesmo, con obtención de certificado acreditativo de asistencia.

Entregarase un certificado de participación e asistencia ao presentador da comunicación, non aos restantes coautores do traballo, no caso de que os houbese.

Os participantes comprométense a tomar parte nos actos programados para o Encontro, que a Organización controlará e no seu caso poderá negar a entrega do Certificado, que terá lugar persoalmente no acto de clausura. Así mesmo, a participación no Encontro supón a total aceptación das presentes bases.

A inscrición farase a través dun formulario de inscrición *on line*, onde se indicará se se acudirá ao Congreso como asistente ou para facer unha presentación.

No formulario seleccionarase unha destas dúas alternativas: presentación oral ou póster e enviarase un resumo do traballo para presentar.

O prazo para entregar a documentación e enviar o formulario comeza o **8 de abril** e termina o **28 de abril de 2019**.

As comunicacións serán obxecto de publicación nun Libro de resumos, que se imprimirá a través do sistema de publicacións da USC e que será remitido aos participantes.

3.- RESUMO

Os resumos, que terán unha extensión máxima de 250 palabras, enviaranse a través do formulario de inscrición. Será necesario incluír:

- Título do traballo (máximo 20 palabras).
- Autor/es.
- Área de coñecemento.
- Resumo (máximo 250 palabras).
- Palabras chave (3 palabras como máximo).
- Figuras (opcional, máximo 2 figuras).
- Referencias (opcional, ata 5 referencias).

4.- TIPOS DE COMUNICACIÓN:

A) COMUNICACIÓNS ORAIS

As comunicacións orais non excederán os 5 minutos, que irán seguidas doutros 3 minutos de quenda de preguntas e acompañaranse dunha presentación, preferiblemente en PDF. O comité organizador non se fai responsable da compatibilidade con outros formatos. É responsabilidade dos participantes respectar o tempo límite indicado. O idioma no que se imparta a charla debe coincidir co idioma no que estea escrita a presentación e co idioma no que se enviou o resumo.

B) PÓSTER

Os pósters agruparanse, na medida do posible, por área de coñecemento e asignaranse quendas por participante e panel. Os participantes que opten por esta presentación deberán estar presentes, obrigatoriamente, defendendo o seu póster na quenda que se lle asignou e contestar as preguntas que se expoñan. O horario das presentacións indicarase no programa definitivo. É responsabilidade dos participantes a colocación do póster o primeiro día do Encontro, así como a súa retirada, o último. A organización proporcionará material adhesivo para a colocación dos pósters. Os paneis para a colocación dos pósters

terán unhas medidas de 100 cm de alto por 90 cm de ancho. O criterio de estrutura e deseño dos pósters será o seguinte:

- Dimensión DIN A1.
- Título.
- Autor/es.
- Escola e programa de doutoramento.
- Recoméndase facilitar un correo-e de contacto.
- Os textos e ilustracións deben estar ben visibles e suficientemente destacados, de modo que poidan lerse a 1 metro de distancia.

5.- PROCESO DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN

No formulario de inscrición indicarase o tipo de presentación desexada, pero o Comité organizador poderá asignar outro formato se o considera oportuno. Esta decisión tomarase tendo en conta a creación dun programa equilibrado para o Congreso e o número total de asistentes. O criterio de preferencia será a orde de inscrición. A confirmación do tipo de presentación definitiva notificarase o **10 de maio de 2019**.

6.- PREMIOS

Entregarase un premio ás mellores presentacións, sendo entregado un por cada Escola de Doutoramento da USC, como ramas de coñecemento. O Comité científico de cada área será o encargado de seleccionar os gañadores empregando como criterios a calidade da presentación, a novidade da idea e a repercusión entre os asistentes ao Encontro.

7.-DÚBIDAS E ACLARACIÓNS

Todas as dúbidas e cuestións que se queiran expor á organización remitiranse á seguinte dirección de correo: **vii.encontro.mocidade.investigadora@usc.es**, con indicación dos datos de contacto do remitente.